



001251 08.02.2014 11:54

A Resolución reitoral do 13 de xuño de 2013 pola que se publica a convocatoria xeral de matrícula para o curso 2013-2014 establece os prazos do 2º período de solicitude de admisión e de matrícula nos Estudos de Doutoramento na Universidade de Santiago de Compostela, para alumnos de inicio dentro dos Programas de Doutoramento ao abeiro do Real Decreto 99/2011, ofertados no presente curso académico.

Á vista das peticións presentadas por diferentes responsables da xestión do proceso da admisión dos novos programas de doutoramento ofertados no presente curso académico,

É polo que, esta rectoría

## RESOLVE

**PRIMEIRO:** Ampliar o prazo do 2º período de solicitudes de admisión de novos alumnos nos Programas de Doutoramento ao abeiro do Real Decreto 99/2011, que queda establecido dende o 3 ao 13 de febreiro de 2014 (ámbolos dous incluídos).

**SEGUNDO:** Modificar os prazos establecidos sobre o procedemento de admisión por parte das Comisións Académicas dos diferentes Programas de Doutoramento establecendo os seguintes:

*Publicación listas provisórias:* 20 de febreiro  
*Prazo de reclamacións:* do 20 ao 25 de febreiro  
*Publicación listas definitivas:* 26 de febreiro

**TERCEIRO:** Modificar o prazo do 2º período de matrícula nos Estudos de Doutoramento que queda establecido dende o 26 de febreiro ao 6 de marzo de 2014 (ámbolos dous incluídos)

Santiago de Compostela, 5 de febreiro de 2014

O REITOR

(P.D. do 03/02/2014)

O VICERREITOR DE INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN

Francisco González García

SRA. SECRETARIA XERAL - SR. VICERREITOR DE TITULACIÓNS E PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR - SRES/AS DECANOS/AS E DIRECTORES DE CENTROS - SR. XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA - SRA. XEFA DO SERVIZO DE XESTIÓN DA OFERTA E PROGRAMACIÓN ACADÉMICA - SRA. XEFA DA OFICINA DE INFORMACIÓN UNIVERSITARIA - SRA. XEFA DO SERVIZO DE ASESORÍA XURÍDICA - SRES/AS XEFES DAS UNIDADES DE XESTIÓN ACADÉMICA - SRES/AS RESPONSABLES DE APOIO Á XESTIÓN DE CENTROS E DEPARTAMENTOS - SRA. XEFA DA OFICINA DE ANÁLISE DE RECLAMACIÓN E MELLORA DO PROCEDIMENTO - SR. DIRECTOR DA ÁREA DE TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E COMUNICACIÓN - DIRECTORES DE DEPARTAMENTOS